

ADMISIÓN PARA O CURSO ESCOLAR 2026-2027

INSTRUCCIÓN XERAIS

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Pódese presentar de forma **PRESENCIAL** ou **ELECTRÓNICA**

PRESENCIAL:

*Descargando a solicitude (**Modelo ED550B e o anexo II-bis**) na aplicación informática “admisionalumnado” <http://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado> para cubri-lo manualmente e presentalo de forma presencial na Secretaría do centro educativo.

*Descargando a solicitude (**Modelo ED550B e o anexo II-bis**) na páxina web do centro ou recollelo no centro educativo para cubri-lo manualmente e presentalo de forma presencial na Secretaría do centro educativo.

ELECTRÓNICA:

Cubriendo a solicitude (Modelo ED550B e o anexo II-bis) disponible na aplicación informática “admisionalumnado” <http://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado> ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> sempre que se dispoña de certificado dixital ou Chave365. O anexo II-bis deberán imprimilo e, unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acollidora, escanealo e subilo co resto da documentación que se presente.

SINATURA E CONSENTEMENTO

É necesario o **consentimento de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras** (A **solicitude** deberá figurar asinada por unha das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras. O outro/a proxenitor/a, titor/a, acolledor/a terá que asinar o **anexo II-bis**).

DOCUMENTACIÓN

- Solicitude modelo **ED550B**
- **Anexo II-bis**
- **Copia do DNI** da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, se indica na solicitude que se opón á consulta dos datos ás administración públicas que correspondan.
- Documento acreditativo do requisito de idade do alumno/a (**copia do DNI, Libro de familia ou partida de nacemento**).
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa (Certificación de matrícula do último curso en el que está escolarizado), **só nos cursos distintos a 4º de Educación infantil.**

- En caso de separación xudicial ou divorcio, **copia da sentenza xudicial e/ou convenio regulador**, presentando á vista o orixinal, onde conste a custodia do menor.
- No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, **documentación orixinal e copia que acredite as circunstancias alegadas**.

PRAZO DE ADMISIÓN: do 1 ao 20 de marzo

**Ante calquera dúbida ou aclaración poden poñerse en contacto
co colexio no teléfono 886151838**

NORMATIVA

- **Decreto 13/2022, do 3 de febreiro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato (DOG núm. 29, do 11 de febreiro).

- **Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

- **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro.